

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 14/10/2024  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 14/10/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 07-oct-2024, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2024/3770**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Lidia Romero Areste, en representación de CRUZ ROJA ESPAÑOLA, solicitando autorización para instalar unha furgoneta en Praza de Galicia o día 24 de outubro de 2024, de 09:30 a 14:00 horas para realizar unha campaña de divulgación de nutrición e saúde.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2024/3795**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación á sinalización dunha zona reservada á carga e descarga nas proximidades da confluencia das Rúas Pablo Picasso e Avda. de Cambados, tendo

en contra que so sería para unha única praza de estacionamento, indicando que o lugar máis axeitado sería o paso de peóns situado na Rúa Pablo Picasso, nas proximidades da Glorieta da Avda. de Cambados.

Visto o informe emitido, a Xunta de Goberno Local acorda:

Sinalizar a mencionada reserva de carga e descarga volvendo á situación anterior a rúa Pablo Picasso, no sentido de manter a liña de estacionamentos na marxe dereita en sentido á Rúa Valle Inclán, excepto a parte próxima á rotonda do Porto, mantendo liña de estacionamento e reeservando parte para ubicación dos colectores.

En relación á incorporación indebida (cruzando liña continua) dos vehículos que acceden á Rúa Pablo Picasso dende o estacionamento do Supermercado EROSKI, acórdase colocar bolardos flexibles para evitar tal manobra.

Os pasos de peóns quedan situados no mesmo lugar nos que se atopan na actualidade.

Dar conta á Policía Local e ao Servizo de Sinalización (Álvaro Rubianes).

### **PRP2024/3797**

Dáse conta do escrito presentado por Jesica Valeria Malaga Figueroa, en representación de SILMAN 97SL, solicitando autorización para colocación dunha unidade móbil para o desenvolvemento da campaña de Retornados, o día 17 de outubro de 2024, en horario de 10.00 a 14:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización para instalar a unidade móbil na beirarrúa do solar da antiga Comandancia de Mariña (fronte á Alameda), debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

### **PRP2024/3800**

Dáse conta de escrito presentado por CD Fincas Vilagarcía SL en representación de CP Rodrigo de Mendoza 59A, 59B, 61, 63 e 65 garaxes, solicitando a anulación de dúas prazas de estacionamento e o pintado de amarelo das mesmas para facilitar a visibilidade da saída do garaxe. Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á supresión de dúas prazas de estacionamento previas á entrada ao vao permanente, a fin de mellorar a visibilidade e seguridade no acceso, máis necesario aínda debido ao trazo do carril bici, que pasa fronte ao mesmo e tendo en conta que esta medida xa se adoptou fronte a varios vaos que se atopaban na mesma situación.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro)

### **PRP2024/3801**

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de Veciños Breogán solicitando a instalación dunha marquesiña na beirarrúa, fronte ao nº 9 da Avda. de Cambados.

Dase conta de informe da Policía Local no que se indica que efectivamente existe unha marquesiña no sentido de circulación de Vilagarcía de Arousa a Cambados, onde ten a parada o autobús urbano, polo que sería preciso que por parte do servizo correspondente se fixe un punto próximo ao nº9 para a instalación da marquesiña solicitada no sentido Cambados a Vilagarcía de Arousa, e tendo en conta que na zona existen varios bancos metálicos e un punto de alugueiro de VaiBike.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras para que se proceda á colocación da marquesiña nas inmediacións do nº 9 da Avda. de Cambados, de conformidade co indicado no informe da Policía Local.

#### **PRP2024/3802**

Dáse conta do escrito presentado por Dona M<sup>a</sup> Victoria Gomez Rey, solicitando a adopción das correspondentes medidas de seguridade (pasos elevados, semáforos, velocidade reducida a 30 km/h) ou as que se consideren máis oportunas para garantir a seguridade dos peóns na Rúa San Xoán (PO-192), existindo un paso de peóns sinalizado o cal e utilizado polos veciños e especialmente polos escolares.

Visto o informe da policía local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda solicitar á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, titular do citado vial, para que adopten as medidas que consideren oportunas para garantir a seguridade dos peóns, ou ben autorizen ao Concello pa a levar a cabo as medidas precisas.

#### **PRP2024/3810**

Dáse conta de escrito presentado por D. José Alberto Miguéns Doval, en representación da Asociación Deportiva Motoclub SQeM para organizar o día 20 de outubro de 2024 a 16 edición do Trial SQeM-VILAGARCÍA, solicitando a colaboración municipal para a mesma.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para o desenvolvemento da actividade, facendo constar o seguinte:

- A proba comeza ás 9:45 horas ate as 14:30 horas, sendo o percorrido dende o Centro Cultural de Rubiáns polas Rúas Igrexario, Quintana e Río Leiro coa travesía paralela á N-640.
- O percorrido unicamente utiliza a marxe dereita no sentido Igrexario a Rúa Leiro, se ben debe estar excluído á circulación para o resto dos vehículos durante a celebración da proba.

Por parte da Policía Local cederanlle sinalización e procederase no seu día á inspección da mesma, se ben será o equipo de seguridade da organización o responsable da sinalización e mantemento da seguridade na zona.

1º.- Debese manter o carril utilizado para a proba aislado (sinalizado e valado) da circulación do resto de vehículos.

2º.- Posta en coñecemento da veciñanza afectada das circunstancias e posibilidades de acceso e saída dos garaxes ou non, e en que circunstancias (regulación equipo seguridade).

3º.- Débense poñer en contacto coa Policía Local ós efectos de concretar a sinalización de préstamo que solicita.

#### **PRP2024/3824**

Vista a proposta da Concellería de Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por CASTROMAN I SL, para o subministro de 400 conos necesarios para realizar sinalización circunstancial en diversos eventos e ocupacións de vía pública, por un importe total de 3.480,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22108.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/3827**

Dáse conta do escrito presentado por D. Luis Vila López, en representación de CULTURINVEST SL, solicitando autorización para instalar o espectáculo circense "Circo Global", do 16 ao 17 de outubro de 2024, na explanada TIR, xunto á Praia da Concha (Porto do Ramal), así como a colocación de cartelería, indicando que procederán á retirada da mesma unha vez finalice o evento.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2024/3835**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Reformas TREBOL SL para a reparación das filtracións de auga no CEIP A Lomba, por un importe total de 3.872,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212, que inclúe o seguinte:

- Limpeza de poliuretano en fiestras e chapado ó longo da pasarela da cuberta.
- Colocación de tela en todo o chapado e aplicación de hiperdenso nos cumios e todos os pés de apoio na pasarela.
- Montaxe do canlón existente e montaxe do novo na parte dianteira do comedor.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/3836**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Reformas TREBOL SL para a reparación das filtracións de auga na EEI Galiña Azul de Vilaxoan, por un importe total de 3.630,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 323.212, que inclúe o seguinte:

- Reparación do canlón no pavillón da cociña na parte dereita.
- Reparación da entrada de auga na entrada principal.
- Movemento da grava e do xeotextil na cuberta para a reparación da tela de impermeabilización do forxado e posterior reposición da grava e do xeotextil.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación

emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/3845**

Vista a proposta do Director da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Grupo Radio Pontevedra, CIF A-36005346) - para renovar a colaboración coa emisora Radio Arosa-Cadena Ser, para o segundo semestre do ano en curso - 2024 , para publicación dunha cuña diaria de publicidade no informativo principal "Hora 14 Arosa", polo mesmo importe que nos últimos anos, 400,00 €/mes (máis IVE), dando un total de 2.400 € polos seis meses, e 2.904,00 € (IVE incluído), do 1 de xullo ao 31 de decembro de 2024, con cargo á partida 926.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/3846**

Vista a proposta do Director da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Grupo Radio Pontevedra, CIF A-36005346) - para renovar a colaboración coa emisora Radio Arosa-Cadena Ser, para o segundo semestre do ano en curso - 2024 , para produción e emisión dos microespazos e cuñas publicitarias incluídos nas campañas promovidas polo Concello de Vilagarcía a fin de difundir as iniciativas de desenvolvemento local, polo mesmo importe de 5.000,00 € (sen IVE) e de 7.260,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/3847**

Dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, da Consellería de Facenda e Administración Pública, solicitando a prórroga da cesión de uso a título gratuito por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa dunha zona do inmovible situado en Avda. Matosinhos (local de 266 m<sup>2</sup>) para destinalo aos Servizos de Inspección de Saúde.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a prórroga solicitada para o ano 2025 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro), da cesión de uso a título gratuito do local citado (266 m<sup>2</sup>), nas mesmas condicións acordadas o seu día.

#### **PRP2024/3848**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Sagrario Castro Vidal, en representación da Asociación Cultural sen ánimo de lucro ABÁZCARO, solicitando autorización para o uso do Centro Sociocultural Breogán, situado na Rúa Fermín Bouza Brey nº 7, baixo, como domicilio social e fiscal da citada Asociación, que se atopa en proceso de constitución.

Vista a documentación aportada, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle á Asociación Cultural ABÁZCARO a autorización solicitada, para o uso do Centro Sociocultural Beográn, como domicilio social e fiscal da citada asociación.

#### **PRP2024/3850**

Dáse traslado á Xunta de Goberno Local da información de transmisión do vehículo Peugeot 208 con pracas de matrícula 7845JKD.e dos correspondentes trámites para o cambio de titularidade. Unha vez iniciados os trámites para o cambio de titularidade, aparece unha anotación de embargo

no 2401007150 da Axencia Estatal da Administración Tributaria, pendente de pago do anterior dono e actual titular no rexistro da .General de Tráfico.

Despois de realizar o recoñecemento da obriga e o pagamento con cargo á Caixa Fixa para gastos dos servizos municipais, púidose comprobar na información do vehículo na DXT, que xa non aparece ningunha anotación de embargo.

Dende a Xefatura central de Tráfico ,ofrécese a posibilidade de proceder o pago da taxa de 55,70€ para o cambio de titularidade no modelo 791.

Os medios de pago dispoñibles serán: tarxeta de crédito ou débito de entidades que se atopan adheridas ao pago de taxas con tarxeta e cargo en conta bancaria.

Para facer uso desta, será necesario dispoñer de certificado dixital ou DNI electrónico en vigor.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao aboamento das taxas correspondentes para o cambio de titularidade co correspondente cargo na conta proporcionada pola Tesoureira para tal fin,e a presentación de ditas taxas en liña a través da aplicación de pago de taxas que a DXT ten dispoñible na súa sede electrónica, polo importe de 55,70 €, con cargo á partida 920.22500. Así como acordase o pago da taxa por cambio de servizo a público policía, por importe de 8,67 €, á Xefatura Provincial de Tráfico (DGT).

### **PRP2024/3895**

Dáse conta da proposta de convenio entre a mercantil Mercadona SA e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a cesión gratuita, a coste cero, do uso e disfrute dun terreo onde se atopa o yacemento arqueolóxico, cunha superficie de 1016,00 m<sup>2</sup> situado na parcela con referencia catastral906017NH1196S0001JJ denominada "Agro de Viveiros", situada na Parroquia de Sobradelo, con fronte á Rúa Valle Inclán, sinalada co n<sup>o</sup> 15, cunha superficie de 6.662 m<sup>2</sup> cuxos límites son fronte; Rúa Valle Inclá; dereita (leste) Parque Enrique Valdés Bermejo; esquerda (oeste) Madeiras J. Redondo SLL; fondo (sur), en parte Maria Amparo Fernández Riva Varela de Limita e en parte Parque Enrique Valdés Vermejo, do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A cedente obrigase á demolición da estrutura de madeira existente sobre o xacemento. Así mesmo realizará unha excavación en área de toda a superficie a ceder, polo que se solicitará autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e a autorización municipal necesaria. Unha vez realizadas as actuacións necesarias o Concello estará en disposición de recibir a cesión de uso da zona delimitada do xacemento, que terá o seu acceso a través do Parque Enrique Valdés Bermejo.

Co fin do disfrute e difusión cultural do xacemento arqueolóxico excavado a cesionaria procederá ao encargo dos traballos técnicos de redacción do proxecto de musealización, dirección de obra e execución dos traballos de musealización.

A Mercantil MERCADONA SA, contribuirá economicamente co Concello para a execución das referidas obras, comprometendose a financiar co importe de 65.000 € o custe de ditos traballos, mediante aportación económica a favor do Concello de Vilagarcía, comprometendose o Concello a destinar o 100% da aportación á realización dos mesmos.

A cesión pactase por un período de duración de 50 anos.

A Xunta de Goberno Local acorda a sinatura do convenio de cesión gratuíta do dereito de uso nos seus propios termos.

### **PRP2024/3898**

Vista a Proposta da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigación a favor de Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, polo importe de 200.000,00 €, correspondente á aportación do Concello para o sostemento dos gastos da

Fundación do ano 2024, con cargo á partida 342.410.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2024/3803**

Dáse conta da sinatura do Convenio nominativo entre o Concello e a Fundación Galega contra o Narcotráfico, por un importe de 1.500 € con cargo á partida 231.48002, co obxecto de subvencionar o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á prevención e sensibilización no ámbito da adiccións e drogodependencias durante o ano 2024.

A Xunta de Goberno local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

#### **PRP2024/3804**

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade CROMOSOMOS X, por importe de 500,00 €, para o desenvolvemento de actuacións e atencións socioeducativas e comunitarias no ámbito da saúde menstrual e sexual dirixidas á comunidade, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do citado convenio.

## **EMPREGO**

#### **PRP2024/3830**

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS, dentro da convocatoria de axudas para o apoio a Mercados, Zonas Urbanas Comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

No proxecto de referencia, dentro da categoría de “Gastos dirixidos á transformación dixital”, concedéronse 14.500,00 € para a adquisición dunha ferramenta de ticketing dixital municipal, con cargo á subvención de Mercados Sostibles 2021 (Orde ICT/949/2021, do 10 de setembro).

Ao obxecto de favorecer a accesibilidade á devandita ferramenta para todos os cidadáns de Vilagarcía, producíndose unha baixa na actuación correspondente ao “Servizo de tutorización para mellora competitiva do comercio local”, solicitouse ao Ministerio autorización para destinar o remanente indicado á posta en marcha dunha acción de mellora do proceso de compra nunha contorna dixital, poñendo en marcha, en paralelo e como complemento á implementación da ferramenta, durante os primeiros meses de funcionamento da mesma, un servizo de asesoramento e asistencia técnica aos comerciantes, os seus potenciais clientes e á cidadanía xeral, favorecendo a inclusión e accesibilidade dixital de todos os cidadáns e cidadás do concello. O servizo supón unha mellora na atención, relación e coñecemento de clientes e fidelización mediante o uso das novas tecnoloxías, tal como dispón o artigo 7.2 a) da Orde Reguladora.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade máxima de catorce mil catrocentos euros, máis o correspondente IVE, dando un importe total de 17.424,00 €.

Para levar a cabo este servizo solicitaronse os seguintes orzamentos:

- DIEGO ALCAINE TORRES
- MERCEDES ROLÁN LÓPEZ

- INTEC SOFTWARE SL

Dentro do prazo concedido as citadas empresas remitiron os correspondentes orzamentos:

- DIEGO ALCAINE TORRES: 14.300,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE de 3.003,00 €, dando un importe total de 17.303,00 €

- MERCEDES ROLAN LOPEZ: 14.000,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE de 2.940,00 €, dando un importe total de 16.940,00 €

- INTEC SOFTWARE SL: 14.400,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE de 3.024,00 €, dando un importe total de 17.424,00 €

Revisada a documentación presentada e aplicados os criterios de adxudicación, o resultado da valoración das ofertas é o seguinte:

EMPRESA	PUNTUAC. PRECIO	PUNTUAC. TÉCNICA	MEMORIA	PUNTUAC. MEJORAS	TOTAL
DIEGO ALCAINE TORRES N.I.F.: 35466795J	2,5	31		50	83,5
MERCEDES ROLÁN LÓPEZ N.I.F.: 35463000J	10	4		37	51
Razón social: INTEC SOFTWARE SL C.I.F.: B-36451508	0	0		25	25

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acora aprobar o gasto e a adxudicación do contrato menor de "Servizo de asistencia personalizada para a accesibilidade dixital e uso da ferramenta de ticketing dixital municipal a D. Diego Alcaine Torres, polo importe total de 14.300,00 € (sen IVE) e de 17.303,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 4311.2261018.

### **PRP2024/3902**

Dáse conta da existencia de varios erros nas bases de Axudas Municipais á contratación por conta allea publicadas no BOPPO de 2 de outubro de 2024, polo que procede corrixir os mesmos no sentido que se indica:

Base 3ª – Contratacións. Requisitos.

Suprímese o apartado 2º. Estar empadroadas no municipio de Vilagarcía de Arousa.

Base 7ª- 1. Solicitudes e documentación.

Suprímese o apartado 12. Certificado de empadronamento do traballador contratado

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á publicación no BOPPO da devandita corrección de erros.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2024/3780**

Vista a proposta do Xestor do Arquivo Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para o suministro de estantes para o Arquivo Municipal, por un importe total de 955,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.62500.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



### **PRP2024/3812**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude remitiu o borrador do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura , Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a renovación do compromiso de integración da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia das Bibliotecas Públicas Municipais de Vilagarcía de Arousa.

O período de vixencia da convenio estableceuse en catro anos, con posibilidade de prorrogalo por un período de ata catro anos adicionais, por acordo das partes.

Coa firma do convenio a Rede de Bibliotecas de Vilagarcía manteríase integrada na Rede de Bibliotecas de Galicia coas derivadas obrigas para cada unha das partes.

O acordo de permanencia é un trámite necesario para a posterior firma do convenio polas partes. Polo tanto, a Xunta de Goberno Local acorda aproba a renovación do compromiso de permanencia na Rede de Bibliotecas de Galicia, en concordancia co convenio remitido.

### **PRP2024/3814**

Unha vez aprobadas as bases dos “Premios anuais ós/ás mellores lector@s/usuari@s” do servizo de préstamo a domicilio da sección infantil e xuvenil da Rede Municipal de Bibliotecas do Concello ( Biblioteca Pública Municipal e Axencias de Lectura de Bamio, Carril e Vilaxoán), dáse conta á Xunta de Goberno Local da relación de usuarios galardoados.

Con tal motivo celebrárase na Biblioteca Municipal un acto de entrega dos premios, o día 25 de outubro ás 17:00 da tarde.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a relación de usuarios galardonados.

### **PRP2024/3825**

A Biblioteca Municipal leva a cabo actividades de dinamización e fomento da lectura, dirixidas ós máis cativos, e tendo presente aqueles días do calendario máis significativos de cara a Biblioteca. Nesta ocasión no mes de outubro temos dúas datas destacadas e nas que a Biblioteca pretende realizar dúas actividades:

- 24 de outubro (trasládase o 25) , Día das Bibliotecas: faise o acto de entrega dos Premios ós Mellores Lectores na Biblioteca, coa presenza do Alcalde.
- 31 de outubro, Día de Samaín: data de interese dende o seu aspecto cultural e festivo, sobre todo entre os máis pequenos.

As actividades que se propoñen teñen as seguintes características:

- Día das Bibliotecas e Premios Mellores Lectores: sesión de títeres cunha duración duns 50´
- Día de Samaín: sesión de contacontos con obradoiro cunha duración duns 90´.

Ambas actividades van dirixidas a un público infantil a partir de 3/4 anos, en horario de tarde que fixaría a Biblioteca, e con entrada de balde ata completar aforo.

Solicitáronse dous orzamentos ós artistas e empresas que máis se axustaban ás actividades programadas:

- Para a sesión de títeres do día 25 , Esteban Acuña Lagos (Tarabelos) con DNI 53116932L, por importe de 330 euros, IVE incluído.
- Para o contacontos e obradoiro de día 31, Editora OQO SL, con CIF B36494870, por importe de 400 euros, IVE incluído.

As actividades, unha vez aprobadas, realizaranse na Sala Infantil da Biblioteca Municipal os días 25 e 31 de outubro cunha duración de 50´e 90´ respectivamente.

Do transporte e material necesario para o desenvolvemento das actividades faranse cargo as empresas contratadas.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados polas empresas indicadas, con motivo do Día das Bibliotecas e o Samaín, con cargo á partida 3321.22609.

## **MERCADOS**

### **PRP2024/3849**

Por causa do uso continuado de apertura e peche da porta pivotante existente da cámara frigorífica da Praza de Abastos, así como por estar exposta ao contacto coa sal e condicións de alta humidade, a porta e o seu marco atopanse en mal estado, sendo necesaria a súa reposición.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Isidro Fernández Portas (IFERFRIO REFRIGERACIÓN), por un importe total de 1.510,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 4312.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2024/3852**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Inés Grande Rodríguez en representación de Vendedoras Ambulantes de Flores- Vilagarcía, en relación coa instalación dunha carpa para venda de flores os días 29 e 30, 31 de outubro e 1 de novembro con motivo da celebración da festividade de Tódolos Santos.

Vistos os informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a instalación da carpa solicitada destinada as vendedoras con concesión de posto de flores no mercadillo, ás vendedoras campesiñas de flor de colleita propia da praza de abastos, así como ás floristas da praza de abastos que contan coa documentación pertinente para exercer este tipo de venda.

Deberán ter instalada a carpa dous días antes destas datas, para que os servizos municipais teñan tempo para facer a decoración e instalación de luz da mesma. Así como se reubicará aos vendedores ambulantes instalados nesta zona.

## **SANIDADE**

### **PRP2024/3853**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Maria Carmen Miguens Navia (Floristería Colin) para o subministro de 11 coroas de flores para os Cemiterios do Concellos de Vilagarcía de Arousa e 1 centro para o Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa, con motivo da celebración do Día de Difuntos, por un importe total de 1.188,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

### PRP2024/3859

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, en relación coa necesidade de realizar traballos de reparación da pérgola de madeira existente no Parque da Coca para garantir a seguridade da estrutura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa NELMAR SLU para a realización dos traballos necesarios, conforme á documentación técnica do Arquitecto D. José Díaz de la Iglesia, por un importe total de 47.359,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.61900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## TURISMO

### PRP2024/3832

A Axencia de Turismo de Galicia publicou as Bases Reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

O Concello solicitou subvención para a Festa da Ameixa de Carril.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Resolución da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia de concesión ao Concello de Vilagarcía de Arousa da subvención que se indica a continuación:

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
Festa da Ameixa de Carril	4.000,00€	4.000,00€

Á vista do anterior, a Xunta de goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o gasto para a compra de ameixa á Cofradía de Pescadores Santiago Apóstol de Carril, con CIF G36012813, por importe de 4.000 € (IVE engadido), con cargo á partida 432.22600.

### PRP2024/3833

A Axencia de Turismo de Galicia publicou as Bases Reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

O Concello solicitou subvención para a Festa da Ameixa de Carril e lle foi concedida por importe de 4.000 €.

A efectos de xustificación da subvención de 4.000 € da Axencia de Turismo de Galicia para a Festa da Ameixa de Carril 2024, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa, facendo constar o seguinte:

#### 1º CUMPRIMENTO DA FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

O Concello de Vilagarcía de Arousa adicou o importe da axuda á compra de Ameixa, que foi degustada durante a festa. A ese concepto corresponde a factura FA 14, da Cofradía de Pescadores Santiago Apóstol de Carril, de 4.000 € (IVE engadido).

#### 2º OS DISTINTOS CONCEPTOS E CONTÍAS CORRESPONDENTES AOS GASTOS TOTAIS SOPORTADOS POLA ENTIDADE BENEFICIARIA IMPUTABLES Á ACTUACIÓN SUBVENCIONADA

CIF	PROVEEDOR	Nº FRA,	DATA	IMPORT E	DATA RECOÑCIMENTO	DE	CONCEPTO
G36012813	Cofradía de Pescadores Santiago Apóstol de Carril	FA 14	30/09/2024	4.000 €	14/10/2024		Compra de ameixa

#### 3º RELACIÓN DETALLADA DOUTROS INGRESOS OU SUBVENCIÓNS QUE FINANCIASEN A ACTIVIDADE

Non houbo outros ingresos ou subvencións que financiasen esta actividade.

### PRP2024/3834

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sinatura do convenio polo que a Axencia de Turismo de Galicia, cunha achega de 25.000, € e ABANCA, cunha de 5.000€, para o financiamento das Festas de San Roque 2024.

A actividade a subvencionar é a actuación do grupo “Café Quijano”, representado por ARTISTI-K PRODUCCIONES MUSICALES Y CULTURALES S.L.U., que tivo lugar o 17 de agosto no escenario do Parque da Xunqueira, cun presuposto de 42.350 € (IVE engadido).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## CULTURA

### PRP2024/3840

Na XGL do 30/07/2024 adoptouse o acordo para a contratación de ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA por un importe de 7.381,00€ para a revisión das atraccións da Festa de San Roque 2024. Nesa mesma pro posta realizábase unha estimación de 20 atraccións a revisar , conforme aos datos que figuraban de edicións anteriores . O resultado da inspección final foi de 22 atraccións revisadas producíndose unha variación no orzamento previsto tal e como queda no seguinte cadro: ATRACCIÓN PREVISAS:

Estimación atraccións	Prezo Unidade	Total neto	IVE (21%)	TOTAL
20	305,00 €	6.100,00 €	1.281,00 €	7.381,00 €

ATRACCIÓN REVISADAS - Orzamento definitivo:

Atraccións revisadas	Prezo Unidade	Total neto	IVE (21%)	TOTAL
22	305,00 €	6.710,00 €	1.409,10 €	8.119,10 €

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento definitivo debido á variación sobre a estimación prevista no acordo d a XGL do 30 de xullo de 2024, por importe d e 8.119,10 OITO MIL CENTO DEZANOVE CON DEZ ) IVE engadido da Inspección T écnica de A traccións da Festa de San Roque 2024, realizada pola empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA, con cargo á partida 1720.22199.

### PRP2024/3841

Na XGL do 06/05/2024 adoptouse o acordo para a contratación de ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA por un importe de 7.381,00€ para a revisión das atraccións da Festa de Santa Rita 2024. Nesa mesma proposta realizábase unha estimación de 20 atraccións a revisar, conforme aos datos que figuraban de edicións anteriores . O resultado da inspección final foi de 26 atraccións revisadas producíndose unha variación no orzamento previsto tal e como queda no seguinte cadro: ATRACCIÓN PREVISAS:

Estimación atraccións	Prezo Unidade	Total neto	IVE (21%)	TOTAL
20	305,00 €	6.100,00 €	1.281,00 €	7.381,00 €

ATRACCIÓN REVISADAS - Orzamento definitivo:

Atraccións revisadas	Prezo Unidade	Total neto	IVE (21%)	TOTAL
26	305,00 €	7.930,00 €	1.665,30 €	9.595,30 €

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento definitivo debido á variación sobre a estimación prevista no acordo d a XGL do 6 de maio de 2024, por importe de 9.595,30€ (NOVE MIL QUINIENTOS NOVENTA E CINCO CON TRINTA EUROS) IVE engadido da

Inspección Técnica de Atraccións da Festa de Santa Rita 2024 , realizada pola empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA, con cargo á partida 338.22799.

#### **PRP2024/3844**

Dáse conta dos xustificantes de gastos presentados pola Asociación Cultural e Lúdica o Apostoliño, en relación co Convenio asinado para o exercizo 2024.

O convenio regulador desta subvención directa foi aprobado na XGL do 24 de xuño de 2024, dándose conta do mesmo á XGL do 22 de xullo de 2024, por un importe de 2.032,80€ DOUS MIL TRINTA E DOUS CON OITENTA EUROS ) con cargo á partida 334.489.

Acordouse así mesmo o recoñecemento de obriga do 50% (1.016,40 €), con cargo á citada partida orzamentaria.

O obxecto da subvención expresado na súa cláusula primeira era sufragar os gastos correntes derivados da conservación, recuperación e mantemento dos elementos do vestiario de dous cabezudos e xigantes coñecidos popularmente como O Enano e Maruxa, protagonistas das festas parroquiais de O Carril, nas que participan de xeito activo dende fai anos.

Vista a documentación aportada e os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Dar por xustificado, desde o punto de vista técnico do Departamento de Cultura, o convenio asinado coa ASOCIACIÓN CULTURAL E LÚDICA O APOSTOLIÑO.

Segundo: proceder ao pago do 50% restante (1.016,40 €) con cargo á partida 334.489.

#### **PRP2024/3837**

Vista a solicitude de Asesoría de Empresas e Calidade SL, en representación da Comisión de Festas O Piñeiro Santa Mariña, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Martiño en O Piñeiro o vindeiro día 17 de novembro de 2024:

- Actuación do Grupo de Gaitas e Baile da Asociación Cultural Nós de Sobradelo por un importe de 391,00 € €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo acórdase a colaboración municipal solicitada de acceso a electricidade no Campo da Festa e colocación de tarimas.

Non se concede a instalación de baños públicos solicitada.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Servizo de Alumeado Público.

#### **PRP2024/3838**

Vista a solicitude de Dona Maria Rita Cores Osorio, como Presidenta da AA.VV. Agustín romero de Cornazo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun magosto no centro cultural de Cornazo o vindeiro día 16 de novembro de 2024:

- Actuación do Grupo de Gaitas da Asociación Cultural Lumarada de Cornazo por un importe de 350,00€.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2024/3768**

Dáse conta de escrito de GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.U. no que, en relación co contrato de “Servizo de vixilancia e seguridade no SPAD” (CT 26/2022), formula as seguintes solicitudes (R/E 2024007552):

- Que se estime a súa petición de desistimento do contrato, recoñecendo a resolución do mesmo, sen indemnización a ningunha das partes.
- Que se recoñeza a situación xurídica individualizada de perda do equilibrio económico do contrato por risco imprevisible.
- Que en atención ao anterior se acorden as seguintes medidas:
  1. Aprobar unha compensación económica ao seu favor, por importe de 1.944,50 €, en concepto dos servizos prestados desde o 01/01/2023 ata o 30/04/2024 e un incremento acumulado do prezo do 9,72% para os seguintes exercicios, incluídos aqueles correspondentes ao suposto doutra prórroga do contrato.
  2. Ou ben que se lle abone unha indemnización por importe de 8.470,86 €, pola continuación do contrato (dende o 01/05/2024 ata 15/11/2026).

Importe total da indemnización solicitada: 10.415,36 €.

Dáse conta de Informe da Secretaria Xeral, no que indica o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

O contrato foi licitado por un prezo de 89.540,00 € (IVE 21% engadido) para un prazo de duración de 2 anos, ofertando o contratista un prezo de 83.006,00 € (IVE engadido).

Por acordo da XGL en sesión de data 24/10/2022, adjudicouse a GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.U. o contrato denominado “ Servizo de Vixilancia e Seguridade no Servizo de Prevención e Asistencia a Drogodependientes – SPAD”.

O contrato foi asinado o 14/11/2022, indicándose no mesmo que o seu prazo de execución é de 2 anos a contar dende o 16 de novembro de 2022 (sendo susceptible de prórroga por anualidades ata un máximo de 2 anos máis).

Por acordo da XGL en sesión de data 21/08/2023, dispúxose que a empresa citada debe prestar o servizo obxecto do contrato durante o prazo establecido no mesmo (2 anos a contar dende o 16 de novembro de 2022), é dicir, ata o 16 de novembro de 2024.

GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.U. fundamenta a súa petición no incremento dos prezos derivado da guerra de Ucraína, o que conlevou unha suba imprevista e imprevisible das retribucións do persoal de seguridade no convenio colectivo de aplicación (que fan que a

prestación do servizo sexa extraordinariamente onerosa) e non existir no contrato a posibilidade de revisión de prezos ou o abono dunha indemnización que dera lugar ó reequilibrio económico do contrato.

Sinala que o convenio colectivo de aplicación determinou un incremento do 6% dos custes de persoal (que é a práctica totalidade do importe do contrato) para o ano 2023, do 4% en 2024, do 3% en 2025 e do 3% en 2026. Isto, unido a outras subidas, determina un incremento do 16,95% no custe salarial da empresa no período citado, e iso, mais a posibilidade de incremento do 2% do IPC de acordo co recollido no convenio colectivo.

Indica que o incremento neto anualizado dos custes, no período comprendido entre o 01/01/2023 e o 30/04/2024, ascende a 1.944,50 €.

Tamén sinala que o incremento neto anualizado so dos custes laborais polo período que resta ata a conclusión do contrato é de 8.470,86 €.

Plantexa a empresa o seu desestimiento do contrato, por aplicación analóxica do art. 290.6 da lei de contratos do sector público (LCSP), así como o reequilibrio económico do contrato debido ao incremento imprevisible dos custes do mesmo (especialmente os custos de persoal) e manifestan que está en disposición de continuar prestando o servizo nos termos contratados.

#### INFORME:

1.- En relación co solicitado polo contratista, compre sinalar o seguinte:

O principio da eficacia vinculante do contrato e da invariabilidade das súas cláusulas é a norma xeral que rexe no noso ordenamento xurídico tanto para a contratación privada como para a contratación administrativa.

..)

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a licitación do contrato para a prestación do “Servizo de Vixilancia e Seguridade no Servizo de Prevención e Asistencia a Drogodependientes – SPAD”, contempla na súa cláusula 16.8 as condicións especiais de execución do contrato e, entre elas, contempla que o contratista ten a obriga de cumprir o Convenio Colectivo de aplicación. Neste senso, indica que “a empresa contratista estará obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación. En todo caso, o adxudicatario estará obrigado a cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ó Convenio Colectivo sectorial de aplicación. Esta obriga terá o carácter de condición especial de execución e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas na cláusula 19 do prego”.

O convenio colectivo de aplicación actualmente é o convenio colectivo estatal de empresas de seguridade para o período 2023-2026, que dispón no seu art. 5 que “El presente Convenio entrará en vigor el día 1 de enero de 2023, con independencia de la fecha de su publicación en el «Boletín Oficial del Estado», y mantendrá su vigencia hasta el 31 de diciembre del 2026, quedando prorrogado íntegramente hasta su sustitución por otro Convenio de igual ámbito y eficacia”.

O citado convenio, contempla nas súas táboas salariais para os anos 2023-2026, os incrementos indicados polo contratista no seu escrito.

As subidas salariais pactadas no convenio colectivo son moi superiores ás que viñan sendo aplicadas nos anteriores convenios colectivos do sector, que rondaban o 2%.

Non parece coherente que o Concello esixa ao contratista o cumprimento das condicións salariais do convenio colectivo de aplicación e non incremente simultaneamente as retribucións do servizo obxecto do contrato, toda vez que as condicións salariais son moi diferentes das existentes no momento da formulación da oferta polo contratista e, claramente, conlevan un desequilibrio económico do contrato á vista do incremento xeneralizado dos prezos a raíz da pandemia do Covid-19 e a guerra de Ucraína, circunstancias imprevistas e imprevisibles tanto para o contratista

como para o concello.

Por isto, considérase que procedería aplicar a cláusula “rebus sic stantibus” , xa que concorren circunstancias novas e excepcionais que rompen o equilibrio económico do contrato, facendo o mesmo excesivamente oneroso para o contratista.

...)

O propio contratista manifesta no seu escrito que está en disposición de continuar coa prestación do servizo nos termos contratados (entende a que subscribe que será no caso de que se restableza o equilibrio económico do contrato e se prorrogue o mesmo).

En atención ao exposto, e dada a existencia dun desequilibrio económico no contrato, infórmase favorablemente indemnizar ao contratista con unha compensación económica equivalente ao incremento dos custes laborais derivados da aplicación do convenio colectivo de empresas de seguridade para o período 2023-2026, que contempla uns incrementos do 6% para o ano 2023, do 4% en 2024, do 3% en 2025 e do 3% en 2026, unido a un 0,5% de incremento no custe da seguridade social a partir do 1 de xaneiro de 2023.

A compensación económica do incremento dos custes de persoal ascendería aos seguintes importes, tendo en conta o importe dos gastos de persoal contemplados no PCAP (85% do prezo de licitación 74.000 € sen IVE para dous anos):

Prezo licitación anual sen IVE	Importe custes persoal PCAP	Prezo adjudicación do contrato sen IVE (2 anos)	Prezo adjudicación do contrato (anual)	Importe custes anuais persoal contrato
37.000 €	31.450 €	68.600 €	34.300 €	29.155 €

Os custes de persoal actualizados, unha vez aplicados os incrementos contemplados no convenio colectivo serían os seguintes (inclúense os correspondentes aos anos 2025 e 2026 para o caso de que se acordara prorrogar o contrato):

2022	2023 (6,5% -6%Convenio+ 0,5% SS)	2024 (4%)	2025 (3%)	2026 (3%)
29.155 €	31.050,08 €	32.292,08 €	33.260,84 €	34.258,67 €

Sendo polo tanto o incrementos dos custes anuais de persoal os seguintes (inclúense os correspondentes aos anos 2025 e 2026 para o caso de que se acordara prorrogar o contrato)

	2023	2024	2025	2026
Sen IVE	1.895,08 €	1.242,00€	968,76€	997,83€
Con 21% IVE engadido	2.293,04	1.502,82	1.172,20	1.207,37

Tendo en conta que é evidente e de todos coñecido o extraordinario incremento de prezos que se produciu a raíz da pandemia ocasionada polo Covid-19 e da posterior guerra de Ucraína, procedería indemnizar tamén ao contratista polos restantes conceptos do contrato.

O PCAP contempla na desagregación do prezo do contrato un 85% para gastos de persoal, un 9% para gastos xerais e un 6% para o beneficio industrial. Considérase que procedería indemnizar o sobrecoste soportado polo contratista en concepto de gastos xerais dado o desequilibrio económico producido na execución do contrato.

Para calcular o importe da indemnización tómanse os seguintes importes:

Prezo adjudicación do contrato (anual)	Importe do concepto gastos xerais (9%)
Ano 2022	Ano 2022
34.300 €	3.087€

